

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

NA WEB DA ASSOCIACIÓ D'ESCRIPTORES EN LLENGUA CATALANA

Publicadas nas tres linguas as intervencións no Galeusca 2006

Un ano máis a web da [AELC](#) publica todas as intervencións do último Galeusca en galego, catalán e éuscaro. O encontro, que chega á XXIII edición, tivo lugar en Iruña a comezos do pasado novembro e xirou arredor do tema do tabú. Contou con [ponencias](#) dos galegos Camilo Franco, Bieito Iglesias, Isidro Novo, Xavier Queipo; por parte catalá houbo intervencións de Núria Albó, Carles Cortès ou Isabel-Clara Simó; e dos vascos Anjel Erro ou Ur Apalategui.

- 20:37 23/01/2007

Recóllese tamén unha [antoloxía](#) trilingüe de textos de creación, que inclúe textos de Marilar Aleixandre, María Reimóndez, Antón Riveiro e Xerardo Méndez. As conclusións do encontro desta edición, o Manifesto de Iruña, pódense consultar tamén na web da [Asociación de Escritores en Lingua Galega](#). O manifesto tamén foi recollido e comentado no blog [O levantador de minas](#).